

PALABRA NO TEMPO

Proxecto de Innovación Educativa en Dinamización Lingüística

CPI POETA UXÍO NOVONEYRA

O cole do Courel



Curso 2025/2026



**XUNTA
DE GALICIA**

SECRETARÍA XERAL
DA LINGUA



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



PROXECTA+

ÍNDICE

1 Título do proxecto.....	3
2 Introducción.....	3
2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro.....	3
2.2 Xustificación do proxecto.....	6
3 Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación.....	6
3.1 Obxectivos a curto prazo.....	7
3.2 Obxectivos a longo prazo.....	7
4 Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos.....	8
4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo.....	8
4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo.....	10
5 Organización, desenvolvemento e metodoloxía.....	11
6 Xestión e calendario.....	12
7 Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto.....	14
7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas.....	14
7.2 Alumnado participante (curso, nivel, número).....	15
7.3 Outros membros da comunidade educativa.....	15
8 Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto.....	15
9 Orzamento. Xustificación e desagregación.....	16
10 Colaboracións con institucións, entidades, asociacións ou empresas.....	16
11 Medidas de difusión do proxecto.....	17
11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos.....	17
11.2 Alcance (no centro: entre o alumnado e entre o resto da comunidade educativa; na contorna e/ou noutros espazos).....	18
12 Plan de avaliación.....	19
12.1 Criterios e indicadores para a avaliación.....	19
12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa.....	21

1. Título do proxecto

Palabra no tempo

2. Introducción

O Courel conta cunha rica cultura e posúe un patrimonio lingüístico único que se encontra en risco de desaparición. O léxico patrimonial, transmitido de xeración en xeración, é reflexo da identidade e da memoria colectiva dunha comunidade.

Porén, este territorio vén sufrindo desde hai anos un grave proceso de despoboamento e envellecemento da poboación, o que implica que parte do léxico propio da zona estea en perigo de caer no esquecemento debido á falta de transmisión xeracional.

É por isto que Palabra no tempo nace como un proxecto integrador de centro con dous obxectivos complementarios: por unha banda, documentar e preservar ese patrimonio lingüístico en risco de desaparición; pola outra, converter o alumnado do CPI Poeta Uxío Novoneyra en axente activo desa recuperación, achegándoo ás súas raíces e fomentando o uso da lingua galega.

2.1 Contexto. Análise da situación sociolingüística do centro

O CPI Poeta Uxío Novoneyra conta durante este curso cun total de 28 persoas matriculadas e cun claustro formado por 15 docentes. No centro impártese educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria.

2.1.1 Contorna sociolingüística do centro: O Courel

O CPI Poeta Uxío Novoneyra está situado en Folgoso do Courel, un concello da montaña luguesa, na zona leste de Galicia. Segundo o Instituto Galego de Estatística, con datos do ano 2025, a poboación do concello de Folgoso do Courel ascende a 921 habitantes.

No que se refire aos bloques e áreas lingüísticas en que se divide a nosa comunidade, O Courel pertence ao bloque oriental e á área oriental-central,

polo que presenta unhas características dialectais moi peculiares que están presentes na fala das e dos habitantes. O centro encóntrase nunha contorna eminentemente galego-falante, aínda que cómpre facer fincapé na existencia de usos diglósicos propios.

As institucións, asociacións e colectivos da contorna (SOS Caurel, Río Lor, Fonte do Milagro, Os Entaladoiros, Xeoparque Montañas do Courel, Fundación Uxío Novoneyra...) usan igualmente o galego de forma maioritaria, ao igual que o Concello nas súas comunicacións.

2.1.2 Situación lingüística do profesorado

O claustro do centro intégrano 15 profesionais dos que dous docentes proveñen de concellos limítrofes, o que suporá unha certa vantaxe para a consolidación e a difusión do proxecto entre a veciñanza. Alén disto, a maioría do profesorado provén doutras localidades moi diversas e o uso da lingua tamén é moi diverso. Aínda así, cómpre dicir que a lingua vehicular no centro é, maioritariamente, o galego tanto entre o propio profesorado como nas relacións entre profesorado e alumnado.

A totalidade do profesorado segue a normativa (Decreto 79/2010 do 20 de maio) no relativo ao uso do galego nas materias que lle corresponde segundo se recolle no Proxecto lingüístico do centro (PLC).

2.1.3 A situación lingüística do alumnado

O alumnado do centro procede das zonas rurais dos concellos de Folgoso do Courel, na súa maioría, e Quiroga, polo tanto dun medio rural e de montaña onde o conxunto da poboación, en xeral, é galegofalante. Hai un total de 28 alumnas e alumnos dos que a maioría teñen o galego como lingua habitual de comunicación oral, tanto dentro da familia como na súa vida cotiá e no centro educativo. Cómpre destacar que existe algunha familia procedente de fóra de Galicia (Cataluña, Marrocos, Polonia e Nicaragua) na que a lingua usada no ámbito familiar é diferente do galego e que, ao chegar ao Courel, decide instalarse no castelán.

O CPI convértese nun lugar de encontro de crianzas e adolescentes e en centro neurálxico cultural dunha poboación que está dispersa polo territorio destes concellos. É importante ter en conta este dato referido ao medio sociolingüístico en que viven as alumnas e os alumnos porque será determinante no proceso de ensino-aprendizaxe. Hai que ter en conta que O Courel é un reduto lingüístico para a lingua galega digno de protexer.

En canto á competencia comunicativa que traen da etapa anterior, esta é boa, así como a actitude cara á utilización do galego no ámbito educativo e tamén cara á normalización social. Pola contra, non ocorre o mesmo coa lingua escrita onde se percibe unha maior tendencia a usar o castelán.

2.1.4 A situación lingüística do centro

Exposta a situación lingüística dos sectores anteriores, pódese afirmar que a situación do centro é moi positiva en canto ao uso oral do galego, especialmente no nivel coloquial.

O Equipo de Dinamización Lingüística vén funcionando no centro desde cursos anteriores e potenciando a presenza do galego nos seguintes aspectos:

- Organización do centro: Toda a documentación administrativa e de xestión (actas do Claustro, Consello Escolar, reunións de traballo, libros de rexistro, correspondencia, circulares, memoria do Centro, programacións...) está redactada en galego. As comunicacións e avisos nos distintos taboleiros de novas, os rótulos das distintas dependencias tamén se escriben en galego.
- Actividades complementarias e extraescolares: Promóvese, asemade, o galego nas actividades que se celebran ao longo do curso.
- Relacións sociais: O galego é lingua vehicular nas reunións de Claustro e do Consello Escolar, nas relacións entre o profesorado e nas comunicacións coas institucións e entidades da contorna.

2.2 Xustificación do proxecto

Este traballo concíbese como un proxecto integrador de centro, en que se convida a participar a todo o profesorado co obxecto de que a súa temática, Palabra no tempo, poida servir como fío condutor dos distintos contidos e materias, e permita conectalo, dunha maneira transversal, co contexto social, económico e patrimonial do Courel. Deste xeito, foméntase un traballo interdisciplinario entre departamentos que establece relacións non só entre materias, senón entre estas e unha realidade próxima ao alumnado, que o conecta coas súas raíces e aumenta a súa motivación, permitíndolles realizar unha aprendizaxe máis significativa.

Desde o punto de vista didáctico, o proxecto aposta polo traballo cooperativo e o uso das TIC como ferramentas ao servizo da dinamización lingüística. O alumnado convértese en investigador e difusor do seu propio patrimonio lingüístico e cultural.

Desde o punto de vista social e lingüístico, responde a unha necesidade real e urxente. Aínda que se parte dun contexto maioritariamente galego-falante, consideramos imprescindible incidir na preservación do patrimonio lingüístico, incluso naqueles contextos onde o galego goza dunha situación privilexiada. Proba disto é que o alumnado tiña perdido unha parte significativa das palabras recollidas.

Así, Palabra no tempo non é un proxecto simplemente curricular: é un exercicio de responsabilidade social e de homenaxe á identidade cultural dun territorio, O Courel, que merece ver recoñecida e preservada a súa singularidade lingüística.

3. Obxectivos deseñados en función das necesidades detectadas nos diferentes ámbitos de actuación

O obxectivo principal perseguido é que o alumnado coñeza e indague sobre o léxico patrimonial do Courel, para promover deste xeito o uso da lingua galega e fomentar a inmersión do alumnado na sociedade e no diálogo coa veciñanza.

3.1 Obxectivos a curto prazo

- Coñecer, valorar e respectar o patrimonio lingüístico e cultural de Galicia e do Courel en particular.
- Recoller léxico patrimonial no medio en que vive o alumnado.
- Fomentar a interacción do alumnado con persoas doutras xeracións para redescubrir o léxico da súa contorna.
- Usar o galego dentro e fóra das aulas, tanto en contextos formais como informais.
- Desenvolver habilidades de investigación e documentación do patrimonio lingüístico e cultural.
- Usar ferramentas dixitais para a elaboración de bases de datos e a difusión do coñecemento.
- Divulgar os resultados do proceso de aprendizaxe entre a comunidade educativa e na súa bisbarra.
- Potenciar o uso da lingua fóra do centro en colaboración con outras institucións, entidades, asociacións, establecementos locais ou axentes externos ao centro para favorecer o uso da lingua galega e mellorar a súa valoración social.
- Favorecer ámbitos de aprendizaxe exitosa que xeren benestar e potencien a ilusión por aprender.
- Potenciar a aprendizaxe baseada en proxectos e o traballo cooperativo.

3.2 Obxectivos a longo prazo

- Recuperar o léxico patrimonial do Courel que xa desapareceu nas xeracións novas.
- Potenciar a utilización da lingua galega como vertebradora de calquera aprendizaxe posterior.
- Poñer o foco na importancia de valorar e sentir orgullo de pertencer a unha comunidade que ten o galego como lingua nai.
- Pretender que o alumnado coñeza ben o seu patrimonio cultural e valore a súa importancia co obxectivo de non perdelo.

- Involucrar a comunidade educativa na aprendizaxe do alumnado, poñendo en valor o moito que as e os falantes saben, mesmo sen seren conscientes diso.
- Eliminar prexuízos cara á variedade dialectal propia.
- Desterrar estereotipos negativos cara á nosa lingua que inciden no galego rural como sinónimo de castrapo ou de lingua mal falada.
- Integrar os diferentes departamentos didácticos nun mesmo labor pedagóxico de xeito que se creen canles de cooperación que no futuro poidan xerar aprendizaxes en común.
- Conseguir redes de implicación estables con colectivos externos (Concello, Fundación Uxío Novoneyra, Xeoparque Montañas do Courel, asociacións, establecementos comerciais...)

4. Actividades de dinamización da lingua galega propostas para acadar os obxectivos

4.1 Propostas estratéxicas de actuacións a curto prazo

4.1.1 Recollida e xestión do patrimonio lingüístico

- **Elaborar cadernos para a recollida de información léxica.** Diseñaranse e imprimiranse cadernos de traballo que conterán os seguintes campos: palabra ou expresión, significado, exemplo de uso e lugar de recollida (ver Anexo I). Serán utilizados polo alumnado nas entrevistas e tamén se depositarán nos establecementos locais para que calquera persoa poida depositar as súas palabras.
- **Formulario¹ en liña.** Habilitarase un formulario de participación pública en internet para que calquera persoa oriúnda do Courel ou vencellada á zona poida participar do proxecto.
- **Traballo de campo.** O alumnado realizará entrevistas a informantes da súa contorna (familia, veciñanza) para recoller o léxico patrimonial vivo da zona.

¹ Ligazón ao formulario: <https://forms.gle/9JPQLfWwG8y2xoFD8>

- **Base de datos colaborativa².** Procesarase toda a documentación recollida nunha folla de cálculo que recollerá os campos: palabra, categoría gramatical, definición, exemplo, concello, lugar, verificación da palabra no DRAG, notas e informante. Respectaranse e anotaranse as características lingüísticas propias de cada informante, seguindo o principio de máxima fidelidade á fala.
- **Visitar o Instituto da Lingua Galega (ILG).** Dentro das actividades que ofrece a participación no programa do Plan Proxecta “Lingua, patrimonio e coñecemento tradicional”, visitarase o ILG para coñecer diferentes metodoloxías e proxectos que se desenvolven na institución, especialmente proxectos como o *Proxecto Nós*, a *Cartografía dos Apelidos de Galicia*, o *Atlas Lingüístico Galego* ou o *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués*. Neste último será onde se engadirá o léxico dialectal recollido. Esta aprendizaxe pode ser de grande utilidade para mellorar os procedementos de recollida e xestión do corpus.
- **Encontro con Francisco Fernández Rei.** Lingüista e investigador do *Atlas Lingüístico Galego* (ALGa), que recolleu léxico no Courel hai máis de 50 anos cando se iniciaron os traballos para a súa elaboración. O encontro permitiralle ao alumnado dialogar cun científico que coñece de primeira man a diversidade dialectal da lingua galega.

4.1.2 Difusión do patrimonio lingüístico

- **Crear un dicionario en liña.** O léxico recollido publicárase na plataforma Lingua Viva³, un espazo participativo arredor do galego, creando así un recurso público e accesible a calquera persoa.
- **Elaborar xogos de mesa.** Diseñaranse dous xogos, un Memory e un dominó, para favorecer o achegamento ao léxico patrimonial dunha forma lúdica e, tamén, para facilitar a integración das persoas con

² Ligazón á base de datos:

<https://docs.google.com/spreadsheets/d/1l4PdvrnhXRaalaX9JzAsVkmmSMY8tx160WG-550Y6e0/edit?usp=sharing> (en actualización)

³ Ligazón a Lingua Viva: <https://ilg.usc.gal/linguaviva/>

diversidade funcional ou trastornos específicos, garantindo así a atención á diversidade.

- **Difundir o proxecto nas redes sociais do centro.** Publicaranse contidos periódicos nas contas de Instagram⁴ e Facebook⁵ en relación coas palabras recollidas.
- **Incluír o léxico recuperado en diferentes actividades.** Promoverase o uso do léxico propio en actividades como presentacións orais, celebración do Día do Libro e da Árbore, proxectos doutras materias...

4.2 Propostas estratéxicas de actuacións a longo prazo

- **Certames literarios.** Crearanse certames que fomenten o uso creativo do léxico patrimonial recollido.
- **Publicación e distribución do dicionario / glosario físico e dos xogos.** Distribuiranse estes produtos polas casas do alumnado, na Biblioteca Municipal de Quiroga (dado que o concello de Folgoso do Courel non conta con biblioteca pública propia), na Furgoteca —o servizo de biblioteca itinerante que percorre os concellos da montaña lucense— e noutros espazos do territorio como na Fundación Uxío Novoneyra, nas Oficinas de Información, no Concello, nas casas de cultura, nas asociacións veciñais e nos centros de saúde. Garántese así que o léxico recuperado chegue precisamente ás comunidades que o viviron e o transmitiron.
- **Puntos de venda dos materiais.** Estableceranse puntos de venda do dicionario / glosario e dos xogos, por exemplo, en eventos festivos do centro ou da comarca, así como en establecementos da contorna.
- **Presentacións públicas.** Presentarase o proxecto e os materiais elaborados en diferentes lugares da comarca, como casas da cultura, asociacións veciñais e festivais (como o Courel Son, para o que xa existe un convite pendente)...

⁴ Ligazón ao Instagram: <https://www.instagram.com/courelcole/>

⁵ Ligazón ao Facebook: <https://www.facebook.com/ColeCaurel>

- **Gravar vídeos.** Diseñaranse vídeos co alumnado e a veciñanza para divulgar o léxico nas redes sociais e fomentar así a doazón de palabras.
- **Incluír o léxico en actividades.** Incluír o léxico recuperado neste proxecto nos diferentes obradoiros en coordinación co EDLG.

5. Organización, desenvolvemento e metodoloxía

O proxecto levarase a cabo, maiormente, entre todo o alumnado da ESO (8 persoas), aínda que tamén colaborará o alumnado de Primaria en determinadas fases. A coordinación recae no departamento de Lingua e Literatura Galegas, xunto co traballo interdisciplinario dos departamentos de Lingua e Literatura Castelás, Lingua Inglesa, Bioloxía e Xeoloxía, Tecnoloxía e Orientación. Ademais, participará no proxecto o profesorado de Educación Infantil e Primaria.

O profesorado desempeñará o papel de facilitador ou mediador; será un guía do proceso que coñecerá, ademais, as peculiaridades de cada alumna/o de xeito que poida optimizar en cada caso o traballo realizado.

Ao longo de todo o curso, o proxecto seguirá estas fases:

- a) Elaboración de ferramentas de traballo (cadernos de campo e formulario en liña).
- b) Realización do traballo de campo: entrevistas e enquisas a informantes.
- c) Análise e selección da información obtida.
- d) Creación dun rexistro dixital: palabras, definicións, exemplos de uso e lugar de recollida.
- e) Difusión do proxecto nas redes sociais e promoción entre a veciñanza.
- f) Publicación dun dicionario/glosario en formato físico e en liña, e elaboración de xogos de mesa.
- g) Presentación do proxecto e dos materiais publicados en diversos eventos e lugares da comarca.

A metodoloxía pretende ser activa e dinámica, fomentando en todo momento as seguintes estratexias metodolóxicas:

- Aprendizaxe baseada en proxectos
- Traballo cooperativo
- Ensino activo e investigación
- Integración de ferramentas dixitais

6. Xestión e calendario

O proxecto desenvolverase ao longo de todo o curso académico 2025/2026, de acordo coa planificación temporal que se detalla a continuación. Non obstante, debemos ter presente que o calendario pode estar suxeito a modificacións.

Período	Actividades e tarefas
Setembro 2025	Redacción inicial do proxecto e presentación ao Claustro e ao alumnado. Formación do equipo docente.
Outubro – Novembro 2025	Elaboración de cadernos de recollida de léxico e do formulario en liña.
Novembro - Decembro 2025	Inicio do traballo de campo: enquisas a informantes (familias, veciñanza, establecementos).
Xaneiro - Febreiro 2026	Continuación do traballo de campo. Distribución dos cadernos nos establecementos locais. Procesamento inicial dos datos recollidos. Comezo da elaboración da base de datos en Excel.
Febreiro - Marzo 2026	Continuación do traballo de campo. Depuración e verificación das entradas na base de datos. Deseño e elaboración dos xogos de mesa. Difusión progresiva nas redes sociais do centro.
Marzo - Abril 2026	Continuación do deseño e elaboración dos xogos de mesa. Recollida de cadernos.

	Revisión e corrección lingüística de todos os materiais. Visita ao Instituto da Lingua Galega (ILG) en Santiago de Compostela. Encontro con Francisco Fernández Rei.
Abril - Maio 2026	Contacto con editoras para a publicación física. Maquetaxe do dicionario/glosario físico. Preparación da presentación pública do proxecto.
Maio - Xuño 2026	Creación do dicionario en liña na plataforma Lingua Viva. Publicación e distribución do dicionario/glosario físico. Presentación do proxecto e dos materiais.

7. Recursos humanos implicados no desenvolvemento do proxecto

7.1 Profesorado participante. Funcións e tarefas de cada unha das persoas implicadas

PROFESORADO	FUNCIÓNS
Iria Fernández Moscoso (ESO - Lingua e Literatura galegas)	• Coordinación do proxecto e do EDLG • Coordinación da compilación de palabras e revisión da base de datos • Orientación do alumnado ESO • Contacto con entidades colaboradoras
Carmen García Iglesias (ESO - Lingua e Literatura Castelás)	• Revisión base de datos • Difusión do proxecto en redes sociais
María Remedios Fernández Campo (Orientación)	• Recollida de léxico • Contacto con entidades colaboradoras
Tomás Ferreiro Currás (ESO – Tecnoloxía)	• Elaboración de cadernos e formulario • Soporte TIC
Ana Gómez López (ESO – Lingua inglesa)	• Revisión da base de datos • Maquetaxe dos xogos
Lourdes González Sotelo (ESO – Bioloxía e Xeoloxía)	• Contacto con entidades • Coordinación de saídas didácticas
Iria Aira Páez (Educación Infantil)	• Maquetaxe dos xogos • Maquetaxe do dicionario en papel
Rubén Chao García (Educación Primaria)	• Orientación alumnado Primaria • Recollida de léxico
Alba Vázquez Paz (Pedagogía Terapéutica)	• Maquetaxe dos xogos • Maquetaxe do dicionario en papel

7.2 Alumnado participante

Curso	Nivel	Número
1º	Primaria	2
2º	Primaria	2
3º	Primaria	7
4º	Primaria	1
5º	Primaria	4
1º	ESO	2
2º	ESO	2
3º	ESO	3
4º	ESO	1
Total		24

7.3 Outros membros da comunidade educativa

O proxecto procura a máxima implicación de toda a comunidade educativa, máis alá do profesorado e o alumnado participantes de forma directa. Cómpre destacar a participación das familias e da veciñanza do Courel, que constitúen unha fonte fundamental na recollida de palabras.

8. Recursos materiais para o desenvolvemento do proxecto

Para o desenvolvemento de Palabra no tempo usaranse os seguintes recursos materiais:

- Equipos informáticos para a transcripción e o procesamento das entradas léxicas na base de datos en Excel e na plataforma Lingua Viva.
- Equipos de impresión para a reprodución dos cadernos de recollida de léxico e carteis informativos.
- Dispositivo móbil do centro para a actualización das redes sociais.
- Material de papelería para a elaboración dos cadernos.
- Materiais para os xogos de mesa: madeira, cartón pluma, plastificación, caixas...

- Material funxible xeral: papel, tinta, bolígrafos...

9. Orzamento. Xustificación e desagregación

A continuación desagreganse os gastos previstos, xustificados en función das necesidades do proxecto:

Concepto	Importe
Material funxible (papel, tóner, bolígrafos, cadernos de campo)	100 €
Impresión e encadernación dos cadernos de recollida de léxico	150 €
Impresión e maqueta de do dicionario/glosario físico	800 €
Materiais para a elaboración dos xogos de mesa	200 €
Desprazamentos ao ILG e encontro con Fernández Rei	700 €
Gastos de difusión e presentación pública (carteis, materiais expositivos)	50 €
TOTAL	2.000 €

O proxecto conta ademais con posibles colaboracións económicas externas por parte da Deputación de Lugo, ou o Xeoparque Montañas do Courel e a Fundación Uxío Novoneyra, que poderían contribuír ao financiamento complementario da publicación e á distribución dos materiais.

Cómpre indicar que este orzamento é unha estimación.

10. Colaboracións con institucións, entidades ou asociacións

O proxecto conta co interese de diversas institucións e entidades coas que se pretende colaborar. Son as seguintes:

- Deputación de Lugo
- Xeoparque Montañas do Courel
- Fundación Uxío Novoneyra
- Asociación de Desenvolvemento Rural Serra do Courel
- Instituto da Lingua Galega (ILG)

- ANPA do centro
- Concello de Folgoso do Courel
- Biblioteca Municipal de Quiroga
- Furgoteca
- Casa do maior
- Centros de saúde
- Bares e comercios

11. Medidas de difusión do proxecto

11.1 Accións, canles ou vías, medios e formatos

11.1.1 Difusión dixital

- **Redes sociais:** publicación periódica de contidos relacionados co proxecto (léxico recollido, fotos do traballo de campo, avance do dicionario...)
- **Formulario en liña:** dispoñible para que calquera persoa oriúnda ou vinculada ao Courel poida achegar palabras e expresións propias da contorna.
- **Dicionario en liña - Lingua Viva:** Espazo participativo arredor do galego, onde se publicará e manterá actualizado o corpus léxico recollido, con acceso libre e público.
- **Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués do ILG:** Incorporación do corpus lingüístico recollido.
- **Medios de comunicación:** Reportaxes e entrevistas.
 - *Nós Diario:* "[O CPI Poeta Uxío Novoneyra recupera o léxico tradicional da zona do Courel](#)" (25/02/26)
 - *Xornal de Lemos:* "[O CPI Poeta Uxío Novoneyra do Courel pide axuda á veciñanza para recuperar palabras en desuso](#)" (25/02/26)
 - *La Voz de Galicia:* "[Rescate de vellas palabras en perigo de extinción na serra do Courel](#)" (27/02/26)
 - Radio Voz: entrevista (27/02/26)
 - RNE – Magazine Galicia:
<https://www.rtve.es/play/audios/galicia->

informativos/magazine-galicia-13-40-23-03-26/16993130/
(23/03/26)

- *La Voz de Galicia*: colaboración cun vídeo presentando o proxecto (pendente).

Continuaranse enviando notas de prensa aos medios de comunicación tanto comarcais como autonómicos.

- **Elaboración de vídeos:** Para dar a coñecer o proxecto e os seus resultados entre a veciñanza.

11.1.2 Difusión presencial e física

- **Cadernos de recollida de léxico:** distribuídos nos negocios e espazos de encontro que permiten que calquera habitante participe directamente no proxecto. Isto favorece a dinamización lingüística coa implicación da comunidade.
- **Publicación e distribución do dicionario / glosario físico e xogos de mesa:** Distribución nas casas do alumnado, na Biblioteca Municipal de Quiroga, na Furgoteca, na Fundación Uxío Novoneyra, no Concello de Folgoso do Courel, nas casas da cultura, nas asociacións veciñais, nos centros de saúde... Foméntase así a transmisión interxeracional e o acceso lúdico. (pendente)
- **Presentacións públicas:** Presentación do proxecto e dos materiais en diferentes lugares da comarca como casas da cultura, asociacións veciñais, festivais... (pendente)
- **Puntos de venda:** eventos festivos, establecementos... (pendente)

11.2 Alcance

O proxecto implica directamente a totalidade do alumnado da ESO e, de xeito colaborativo, o alumnado de primaria e infantil, que participan na recollida de léxico no seu ámbito familiar. O CPI Poeta Uxío Novoneyra é o único centro do concello e engloba todos os niveis desde Infantil até a ESO. Isto implica que as familias están a recibir información directa e involúcranse no proxecto.

En canto ao alcance fóra do centro, a difusión en medios de comunicación achégao a un público potencial de miles de persoas, tanto no ámbito galego

como estatal. As redes sociais tamén fan con que o proxecto se espalle por moitos lugares da xeografía e alcance un público maior.

Por outra banda, na actualidade a base de datos conta xa con máis de 190 palabras recollidas polo alumnado e o profesorado, e máis de 100 entradas no formulario en liña. Está pendente aínda por incorporar os rexistros dos cadernos que se atopan nos establecementos.

Por último, a incorporación do léxico recollido ao *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* do ILG daralle ao traballo unha proxección científica e académica que vai máis alá do ámbito escolar, converténdoo nunha contribución real á investigación lingüística galega.

12. Plan de avaliación

Os contidos traballados neste proxecto sitúanse claramente dentro da programación das materias de linguas. Repárese, por exemplo, na importancia que ten o recoñecemento das variedades dialectais no currículo de 4.º de ESO, así como a correcta identificación das categorías gramaticais e/ou correcta elaboración de definicións en todos os niveis de ESO. Alén diso, o proxecto favorece a adquisición de contidos de tipo sociolingüístico, incidindo na mellora da autoestima galego-falante e valorando a importancia do galego estremeiro e a lusofonía.

12.1 Criterios e indicadores para a avaliación

A avaliación do proxecto realizarase de xeito continuo ao longo do curso, combinando instrumentos cuantitativos e cualitativos que permitan medir tanto o proceso como os resultados. Distínguense os seguintes ámbitos de avaliación: uso da lingua, proceso de traballo e produto final.

Criterio de avaliación	Indicador	Instrumento de medida
Participación do alumnado no traballo de campo	Nº de enquisas realizadas polo alumnado. Mínimo agardado: 5 enquisas por alumno/a de ESO	Rexistro de enquisas e cadernos de campo
Léxico recollido e documentado	Nº de entradas validadas na base de datos (obxectivo: 200 entradas ao remate do proxecto)	Base de datos Excel
Uso oral do galego no centro	Observación directa do alumnado sobre o uso do galego en contextos formais e informais	Rúbrica de observación (ver Anexo II)
Uso escrito do galego	Calidade lingüística das fichas léxicas	Rúbrica (ver Anexo II)
Interacción interxeracional	Nº de informantes externos contactados	Rexistro de informantes; diarios de campo
Implicación do profesorado	Grao de participación dos departamentos no proxecto; número de actividades interdisciplinarias realizadas	Memoria do proxecto
Produtos finais elaborados	Publicación do dicionario/glosario físico e en liña; creación dos xogos	Exemplares publicados
Difusión e alcance	Nº de seguidores nas redes sociais; impacto nos medios de comunicación; eventos de presentación realizados	Estatísticas das redes sociais; recortes de prensa
Satisfacción e motivación	Resultado das enquisas de satisfacción do alumnado e profesorado.	Enquisas de satisfacción (ver Anexo II)

Instrumentos de avaliación previstos

- Base de datos
- Rúbricas de avaliación
- Enquisas de satisfacción
- Estatísticas
- Memoria final do proxecto

12.2 Impacto do proxecto na mellora do uso da lingua galega na comunidade educativa

Palabra no tempo está a demostrar xa, desde as súas primeiras fases, un impacto notable no uso e na valoración da lingua galega tanto no centro como na súa contorna.

12.2.1 Impacto no alumnado

Para a maioría do alumnado, o traballo de campo é a primeira vez que se converte nun axente activo na documentación e na transmisión do galego. O feito de entrevistar persoas da súa contorna, de rexistrar palabras que se usaban antano e que non coñecían, está a xerar un sentimento de pertenza a un lugar, así como de orgullo e responsabilidade cara á lingua propia. Isto tamén contribúe á eliminación dos prexuízos que o alumnado ten sobre a lingua, favorecendo notablemente a posta en valor da variante dialectal propia, así como calquera outra. Tanto é así que se observa un aumento da autoestima lingüística e da concienciación sobre a urxencia de preservar o patrimonio lingüístico do Courel.

Ademais, o manexo de ferramentas dixitais como base de datos, formularios en liña e plataformas lexicográficas especializadas vincula o galego ao mundo tecnolóxico e á modernidade, e contribúe a quebrar co prexuízo de que se trata dunha lingua do pasado, atrasada.

En todo caso, o desenvolvemento do proxecto vai implicar, necesariamente, adquirir vocabulario, en concreto léxico patrimonial do Courel xa perdido nas novas xeracións, e mellorar deste xeito a competencia lingüística.

12.2.2 Impacto no profesorado e no centro

O proxecto está a impulsar un modelo de traballo interdisciplinario que vai máis alá do departamento de Lingua e Literatura Galegas e do EDLG. A participación doutros departamentos, como Castelán, Bioloxía, Tecnoloxía ou Orientación, xunto co profesorado de infantil e primaria, reforza a posición do galego como lingua vehicular non só en certas materias, senón como eixo transversal de calquera aprendizaxe no centro.

Ademais, o desenvolvemento do proxecto tamén está a permitir achegar o profesorado procedente doutros lugares de Galicia, así como a comunidade migrante, ao patrimonio lingüístico e cultural da zona, feito que consideramos moi enriquecedor.

12.2.3 Impacto na comunidade e na contorna do Courel

O proxecto está a actuar como catalizador da transmisión interxeracional da lingua. O contacto do alumnado coas persoas maiores da contorna para recoller o léxico patrimonial crea pontes entre xeracións e revaloriza o saber lingüístico das persoas de máis idade, que deste xeito ven recoñecida a importancia do que saben. Isto contribúe á cohesión social e á preservación da identidade cultural do territorio.

A visibilidade do proxecto nos medios de comunicación e nas redes sociais está a xerar interese fóra da comarca, en persoas oriúndas do Courel que residen noutros lugares e achegan palabras a través do formulario en liña. Este é un indicador claro de que Palabra no tempo está conectando a comunidade "exiliada" coas súas raíces lingüísticas e culturais.

A incorporación do corpus léxico ao *Tesouro do Léxico Patrimonial Galego e Portugués* garantirá que o traballo realizado polo alumnado quede recollido nun repositorio de referencia, con impacto duradeiro na investigación lingüística. Esta é, posiblemente, a forma máis sólida de garantir que as palabras recollidas non caian no esquecemento: non só se difunden na comarca, senón que pasan a formar parte do patrimonio inmaterial documentado da lingua galega.

En definitiva, Palabra no tempo é un exercicio de responsabilidade colectiva e de homenaxe á identidade dun territorio, o Courel, que merece ver recoñecida e preservada a súa singularidade lingüística. O impacto esperado vai máis alá do centro e preténdese que sexa duradeiro, que xere un efecto multiplicador tanto no uso activo do galego como na valoración e orgullo de pertencer a unha comunidade lingüística rica e singular.

CPI POETA UXÍO NOVONEYRA

O cole do Courel

NECESITAMOS A TÚA AXUDA!

bolécora, moradella, esfragadoiro, candente, ganceallo,

coza, reprexo, carpanza, estar lento, oví galán!...

Coñeces estas palabras e expresións?



Buscamos palabras do Courel, que estean a piques de desaparecer ou que caeran en desuso.

Por exemplo, poden estar relacionadas cos tecidos e a costura, as medidas, as partes do porco, os embutidos, o Antróido, os oficios tradicionais, a madeira, o muíño, a castaña, o mel, o pan, os xogos e os xoguetes, a música, o tempo atmosférico, as ferramentas, os apeiros de labranza...

Como podes axudarnos?

- Escribe nas páxinas deste caderno
- Escanea o QR e cubre o formulario



PALABRA NO TEMPO



PROXECTA+



ANEXO I: Caderno de recollida de léxico

Palabra ou expresión
Que significa?
Exemplo de uso
Lugar (aldeia e concello)

Palabra ou expresión
Que significa?
Exemplo de uso
Lugar (aldeia e concello)

Palabra ou expresión
Que significa?
Exemplo de uso
Lugar (aldeia e concello)

Palabra ou expresión
Que significa?
Exemplo de uso
Lugar (aldeia e concello)



ANEXO II: Rúbricas para o plan de avaliación

R1. USO ORAL DO GALEGO (Para cubrir o profesorado)

CRITERIO	1 – Insuficiente	2 – Suficiente	3 – Ben	4 – Moi ben
Uso en contextos formais	Non usa o galego	Úsao só cando se lle pide	Úsao habitualmente	Úsao sempre de forma natural
Uso en contextos informais	Non usa o galego	Uso puntual e forzado	Uso frecuente e espontáneo	Uso constante e natural
Actitude cara o galego	Indiferenza ou rexeitamento	Actitude pasiva	Actitude positiva	Proactiva; promove o seu uso

R2. USO ESCRITO DO GALEGO (Para cubrir o profesorado)

CRITERIO	1 – Insuficiente	2 – Suficiente	3 – Ben	4 – Moi ben
Campos cubertos (palabra, def., exemplo, lugar)	Menos da metade	Metade dos campos	Case todos	Todos os campos cubertos
Corrección lingüística en galego	Erros frecuentes e graves	Erros menores	Correcto con algún erro	Correcto e coidado
Precisión da definición	Ausente ou incorrecta	Definición vaga	Clara con algún matiz	Precisa e contextualizada
Exemplo de uso	Ausente ou inapropiado	Pouco ilustrativo	Correcto	Natural e contextualizado

R3. ENQUISTA DE SATISFACCIÓN (Para cubrir o alumnado e o profesorado ao remate do proxecto)

AFIRMACIÓN (marcar con X)	1 – Desacordo	2 – Pouco de acordo	3 – De acordo	4 – Moi de acordo
Aprendín cousas novas sobre o galego do Courel				
Diverxíndome facendo o traballo de campo				
Sinto máis orgullo de falar galego				
O proxecto conectoume coa contorna				
Recomendaría este proxecto a outros centros				

ANEXO III: Fotos dalgunhas actividades realizadas



bol
ariz
eixo
ortes, Car-
nta do CD
a Santos,
o Torneo
llariz, que
da a pro-
rá o 24 de
tbol mu-
no Seixo.
mpetición
de maio.

Comarca de Quiroga
> **Folgo do Courel**
Poñen en marcha
unha iniciativa para
"recuperar" palabras
O CPI Poeta Uxío Novoneyra
puxo en marcha unha iniciati-
va coa que se procura que a ve-
ciñanza "doe" as súas palabras
ás noivas xeracións. O alumnado
elaborou varios cadernos para
escribir as palabras que foron
repartidos en lugares como cen-
tro de saúde, farmacia, tendas da
zona. Na primeira sondaxe con-
seguiron 100 palabras.

Co
> A
O c
Ria
das
O C
nov
med
luga
moto
paci
que v
Club R
ticipa
de sen
uns 5

